

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 10 de outubro de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D. Cayetano Rodríguez Escudero

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día dez de outubro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1119).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1120).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE PARQUE INFANTÍS, ÁREAS BIOSAUDABLES, ÁREAS DEPORTIVAS E XIMNÁSTICAS E MOBILIARIO URBANO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7524/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26.09.14, e o informe de fiscalización do 7.10.14, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 7.10.14, conformado polo concelleiro-delegado de Parques e Xardíns e pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Mediante Resolución de 14 de marzo de 2014 o concelleiro delegado de Parques e Xardíns acordou iniciar o procedemento de contratación dos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas e mobiliario urbano do concello de Vigo.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade de contratación do Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 14 de marzo de 2014
- Resolución do concelleiro Delegado de Parques e Xardíns de data 14 de marzo de 2014 polo o que se autoriza o expediente de contratación
- Prego de Prescricións Técnicas particulares de data 11/04/2014
- Memoria, Xustificativa, procedemento de adxudicación e criterios de valoración redactado polo Xefe de Servizo de Parques e Xardíns en data 11/04/2014
- Informe elaborado pola técnica do servizo de contratación en data 15/05/2014 onde se relaciona a documentación obrante no expediente.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares elaborado pola técnica do servizo de contratación en data 15/05/2014.
- Informe Xurídico elaborado pola Asesoría Xurídica en data 26/05/2014
  
- Informe elaborado en data 04/06/2014 polo Enxeñeiro de Montes onde constan as correccións indicadas pola Asesoría Xurídica no seu informe de 26//05/2014
- Prego de prescricións técnicas redactado polo Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 04/06/2014
- Dilixencia elaborada pola Xefa do Servizo de Contratación en data 09/06/2014 onde se relacionan os aspectos a modificar no Prego de Cláusulas Administrativas seguindo as indicacións do informe de 26//05/2014 elaborado pola Asesoría Xurídica
- Novo Prego de cláusulas administrativas particulares elaborado pola oficina de Contratación de data 09/06/2014
- Informe elaborado pola Asesoría Xurídica en data 24/06/2014
- Dilixencia elaborada pola Xefa de Servizo de Contratación en data 30/06/2014 onde se reflexan os aspectos a modificar na FEC de cláusulas administrativas particulares según indicacións que constan no Informe elaborado pola Asesoría Xurídica en data 24/06/2014.
- Novo Prego de cláusulas administrativas particulares elaborado pola oficina de Contratación en data 30/06/2014.
- Informe favorable elaborado pola Asesoría Xurídica en data 4 de xullo de 2014.
- Dilixencia elaborada pola Xefa de Servizo de Contratación onde expón que se detecta un erro material nalgunha das fórmulas previstas na cláusula 15 do PCAP de data 18/07/2014
- Novo Prego de cláusulas administrativas particulares elaborado pola oficina de Contratación en data 18 de xullo de 2014
- Informe Proposta do Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 5 de agosto de 2014
- Informe de Fiscalización da autorización do gasto de data 25 de agosto de 2014
- Informe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns no que se describen as correccións requiridas polo Departamento de Intervención de data 1 de setembro de 2014
- Nova memoria xustificativa redactada polo Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 01/09/2014 (páxs. 636-764)
- Novo PPT redactado polo Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 19/09/14 (páxs. 765-1040)
- Dilixencia da Xefa do Servizo de Contratación na que se aclaran os cambios requiridos por Intervención Xeral de data 24 de setembro de 2014 (páx. 1041)

- Novo Prego de Cláusulas Administrativas redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 24 de setembro de 2014 (páxs. 1042-1090)
- Novo Prego de Cláusulas Administrativas redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 26 de setembro de 2014 (páxs. 1091-1139)
- Informe da Asesoría Xurídica de data 26 de setembro de 2014 (páx. 1140)

O presente contrato resulta necesario para o exercicio de competencias propias previstas no art. 25.2 b) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local.

A vista das anteriores circunstancias e previo informe da Intervención Xeral, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º Aprobar o gasto de 501.998,34 €/ano dos cales 87.123,68 pertencen ao IVE, este gasto imputarase as partidas seguintes:

17102279904 Mantemento de Biosaudables (60.000,00 €)

17102279902 Mantemento de Parques Infantís (367.000,00 €)

17102100003 Elementos de reparación e mantemento de bancos (74.998,34 €)

2º Aprobar o expediente de Servizos de Conservación e Reposición de Parques Infantís, Áreas Biosaudables, Áreas deportivas ximnásticas e Mobiliario Urbán do Concello de Vigo que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 19 de setembro de 2014 e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 26 de setembro de 2014.

3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(1121).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “CUBRICIÓN DE ESCALEIRAS MECÁNICAS DA RÚA SEGUNDA REPÚBLICA” DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2589/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 1.10.14, e o informe xurídico do 3.10.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 8.10.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área e pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

#### 1.- Antecedentes.

Con data 14 de agosto de 2014, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto básico e de execución das obras de “CUBRICIÓN DE ESCALEIRAS MECÁNICAS DA RÚA SEGUNDA REPÚBLICA”, redactado polo ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS Alberto Moreno Pike e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS VINTE MIL (320.000 €), e que se contén no expediente 2543-440, no cal dito proxecto consta anexado e asinado polo Xefe de Área de Fomento en data 6 de agosto.

Con data 23 de agosto de 2014, o concelleiro-delegado da Área de Fomento ordenou a esta xefatura o inicio do expediente administrativo necesario para a contratación das referidas obras.

No expediente inclúese a seguinte documentación:

a) O proxecto obxecto do expediente consta anexado no expediente 2543/440, no que se atopa incluído informe da Oficina de Supervisión de Proxectos que recolle a indicación expresa da

adecuación do proxecto á normativa xeral e sectorial, así como á adecuación á normativa técnica de aplicación.

b) Acta de replanteo asinada polo Xefe de Área de Fomento con data 6 de agosto de 2014.

c) Prego de prescricións técnicas particulares redactado pola contratista ESTUDIO A. MORENO e incluído no proxecto recollido no expediente 2543/440, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2014.

d) Prego de Clausulas Administrativas Particulares, redactado pola xefa do servizo de contratación, de data tación, de data 1 de outubro de 2014, tras a corrección da errata sobre o apartado 7.A da FEC do mesmo.

e) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 22 de setembro de 2014, así como informe de data 3 de outubro en relación co prego de data 1 de outubro.

f) Documento contable referido a existencia de crédito para financiación das obras.

## 2.- Condicións definitorias do contrato:

Destacan as seguintes:

### a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato:

O obxecto consiste na execución das obras previstas no proxecto “CUBRICIÓN DE ESCALEIRAS MECÁNICAS DA RÚA SEGUNDA REPÚBLICA”. Estas obras supoñen sen ningunha dubida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas infraestruturas, e con elas se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal contan ca natureza de “investimentos reais”.

O contrato, polo seu obxecto, é de obra, previsto no artigo 6 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa “natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido”, son os definidos na memoria descritiva que contén o expediente 2543/440 do proxecto da obra aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 14 de agosto de 2014 que se achega a éste, pasando a formar parte do mesmo.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), “infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade”.

### b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:

A tramitación do presente expediente fázase a través de procedemento aberto, e en forma ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

### c.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o orzamento máximo de licitación que servirá como base para a execución deste contrato, será o que figura no proxecto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 14 de agosto de 2014, redactado pola empresa ESTUDIO A. MORENO e está establecido en base aos prezos de mercado para cada unha das unidades de obra que figuran no proxecto; supón un total de 320.000 €, dos que 55.537,19 € corresponden ao IVE; poderá ser rebaixado polos licitadores nas súas ofertas para establecer o prezo do contrato.

O valor estimado do contrato estipúlase en 317.355,37 €.

Para a súa financiación aplicaránse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na partida 1550.619.00.50 “2ª ANUALIDADE ESCALEIRAS MEC. P. SOL E 1ª FASE CUBRICIÓN” que conta coa condición de adecuada e suficiente para a execución das obras.

O gasto proposto, cumpre co principio de sustentabilidade financeira, esixido polo artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, xa que conta con cobertura dentro do actual orzamento como xa se indicou, e que a partida á que se aplica ten carácter finalista, polo que con cargo a ela non se poderá asumir ningunha outra obriga polo Concello, nin producirse polo tanto ningún desequilibrio orzamentario.

d.- Revisión de prezos:

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos.

e.- Prazo de execución e prórroga:

De acordo co proxecto básico e de execución das obras, o prazo máximo de execución establececese en 3 meses.

Dito prazo poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorran algunhas das seguintes causas:

- A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder éste da metade do prazo inicial.
- O incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ao contratista, debidas a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ao do tempo perdido e solicite a prórroga conforme ó disposto no artigo 100 RXLCAP.
- Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mutuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ao do tempo quee tiña permanecido suspendido.

f.- Prazo de garantía:

Establecese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende que se asine a acta de recepción das obras. Poderá ser ampliado polos licitadores nas súas ofertas.

g.- Esixencia de Clasificación ou no seu caso solvencia:

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, non se esixe clasificación para este contrato.

Non se fixan outros medios para acreditar a solvencia económica, financeira e técnica que os que figuran no prego.

A referida solvencia poderá acreditarse presentando a documentación xustificativa de contar coa seguinte clasificación:

- Grupo G, Subgrupo 6, Categoría c.

h.- Modificación do contrato:

A coantía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato. As modificacións das características das unidades de pavimentación non poderá afectar ao prezo do mesmo.

i.-Subcontratación:

Autorízase co límite máximo do 50 %.

j.- Responsable do Contrato: O responsable do Contrato será o Xefe da Área de Fomento. Así mesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal e un coordinador de seguridade para o seguimento da obra.

k.- Criterios de valoración e xustificación dos mesmos:

En relación aos criterios de valoración das ofertas, todos eles vinculados ao obxecto do contrato, se dá máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa co obxecto do contrato se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas concretas (80%), deixando o 20 % restante para criterios avaliados mediante xuízo de valor.

**k.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR:**

**k.1.1.- Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra**

**Valoración do criterio:** doce (12) puntos.

A valoración da memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

1.- **Descrición analítica e detallada do proxecto:** se valorará con ata 2 puntos.

2.- **A análise do ámbito de actuación da obra e os procesos de implantación de medios para a obra, e a súa explicación gráfica:** se valorará con ata 5 puntos.

3.- **A análise e descrición da planificación da obra en relación aos equipos materiais e humanos adscritos a mesma, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos:** se valorará con ata 5 puntos.

**k.1.2.- Plan de control de calidade:**

**Valoración do criterio:** Para a calificación deste apartado, procederase a valoración ata un máximo de cinco (5) puntos.

A valoración da Memoria sobre o plan de calidade será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

1.- **A descrición analítica e detallada do plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto:** se valorará con ata 2,5 puntos.

2.- **A descrición do plan de auto control interno da empresa:** se valorará con ata 2,5 puntos.

**k.1.3.- Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais:**

**Valoración do criterio:** Se valorará ate un máximo de tres (3) puntos .

**k.2.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULA:**

**k.2.1.- Prezo ofertado:** O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de SESENTA E CINCO (65) puntos.

**k.2.2.-Prazo de garantía:** Valorarase ata un máximo de QUINCE (15).

**3.- Proposta:**

Por todo o exposto **PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto "CUBRICIÓN DE ESCALEIRAS MECÁNICAS DA RÚA SEGUNDA REPÚBLICA"

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado con data 1 de outubro de 2014.

Terceiro: Autorizar o gasto por un importe máximo de 320.000 € dos que 55.537,19 € corresponden o IVE, con cargo a partida 1550.619.00.50 "2ª ANUALIDADE ESCALEIRAS MEC. P. SOL E 1ª FASE CUBRICIÓN".

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(1122).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA AVDA. DE CASTRELOS ENTRE A AVDA. PORTANET E CLARA CAMPOAMOR”. EXPTE. EXPTE. 2590/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.09.14, e o informe xurídico do 3.10.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 8.10.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área e pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*1.- Antecedentes.*

*Con data 14 de agosto de 2014, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto básico e de execución das obras de “HUMANIZACIÓN AVDA. DE CASTRELOS ENTRE AVDA. PORTANET E CLARA CAMPOAMOR”, redactado pola ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS María Ferreiro Núñez e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS TRINTA E DOUS MIL CATROCENTOS DEZASETE EUROS CON CIENCOENTA E SEIS CÉNTIMOS (232.417,56 €), e que se contén no expediente 2547-440, no cal dito proxecto consta anexado e asinado polo Xefe de Área de Fomento en data 6 de agosto.*

*Con data 22 de agosto de 2014, o concelleiro-delegado da Área de Fomento ordenou a esta xefatura o inicio do expediente administrativo necesario para a contratación das referidas obras. No expediente inclúese a seguinte documentación:*

*a) O proxecto obxecto do expediente consta anexado no expediente 2547/440, no que se atopa incluído informe da Oficina de Supervisión de Proxectos que recolle a indicación expresa da adecuación do proxecto á normativa xeral e sectorial, así como á adecuación á normativa técnica de aplicación.*

*b) Acta de replanteo asinada polo Xefe de Área de Fomento con data 5 de agosto de 2014.*

*c) Prego de prescricións técnicas particulares redactado pola enxeñería INGENIA e incluído no proxecto recollido no expediente 2547/440, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2014.*

*d) Prego de Clausulas Administrativas Particulares, redactado pola xefa do servizo de contratación, de data 1 de outubro de 2014, tras a corrección da errata sobre o apartado 7.A da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares .*

*e) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 22 de setembro de 2014, así como informe complementario da mesma oficina en relación cos cambios efectuados no prego de data 1 de outubro.*

*f) Documento contable referido a existencia de crédito para financiación das obras.*

*2.- Condicións definitórias do contrato:*

*Destacan as seguintes:*

*a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato:*

*O obxecto consiste na execución das obras previstas no proxecto “ HUMANIZACIÓN AVDA. DE CASTRELOS ENTRE AVDA. PORTANET E CLARA CAMPOAMOR”. Estas obras supoñen sen ningunha dubida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas infraestruturas, e con elas se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal contan ca natureza de “investimentos reais”.*

*O contrato, polo seu obxecto, é de obra, previsto no artigo 6 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).*

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido", son os definidos na memoria descritiva que contén o expediente 2547/440 do proxecto da obra aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 14 de agosto de 2014 que se achega a éste, pasando a formar parte do mesmo.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), "infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade".

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:

A tramitación do presente expediente fázase a través de procedemento aberto, e en forma ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

c.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o orzamento máximo de licitación que servirá como base para a execución deste contrato, será o que figura no proxecto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 14 de agosto de 2014, redactado pola empresa INGENIA e está establecido en base aos prezos de mercado para cada unha das unidades de obra que figuran no proxecto; supón un total de 232.417,56 €, dos que 40.336,93 € corresponden ao IVE; poderá ser rebaixado polos licitadores nas súas ofertas para establecer o prezo do contrato.

O valor estimado do contrato estipúlase en 230.496,75 €.

Para a súa financiación aplicaránse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na partida 1550.619.00.06 "MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NAS PARROQUIAS" que conta coa condición de adecuada e suficiente para a execución das obras.

O gasto proposto, cumple co principio de sustentabilidade financeira, esixido polo artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, xa que conta con cobertura dentro do actual orzamento como xa se indicou, e que a partida á que se aplica ten carácter finalista, polo que con cargo a ela non se poderá asumir ningunha outra obriga polo Concello, nin producirse polo tanto ningún desequilibrio orzamentario.

d.- Revisión de prezos:

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos.

e.- Prazo de execución e prórroga:

De acordo co proxecto básico e de execución das obras, o prazo máximo de execución establececese en 3 meses.

Dito prazo poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorran algunha das seguintes causas:

- A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder éste da metade do prazo inicial.
- O incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ao contratista, debidas a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ao do tempo perdido e solicite a prórroga conforme ó disposto no artigo 100 RXLCAP.
- Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mutuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ao do tempo quee tiña permanecido suspendido.

f.- Prazo de garantía:



Establecese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende que se asine a acta de recepción das obras. Poderá ser ampliado polos licitadores nas súas ofertas.

g.- Esixencia de Clasificación ou no seu caso solvencia:

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, non se esixe clasificación para este contrato.

Non se fixan outros medios para acreditar a solvencia económica, financeira e técnica que os que figuran no prego.

A referida solvencia poderá acreditarse presentando a documentación xustificativa de contar coa seguinte clasificación:

- Grupo G, Subgrupo 6, Categoría c.

h.- Modificación do contrato:

A coantía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato. As modificacións das características das unidades de pavimentación non poderá afectar ao prezo do mesmo.

i.-Subcontratación:

Autorízase co límite máximo do 50 %.

j.- Responsable do Contrato:

O responsable do Contrato será o Xefe da Área de Fomento. Así mesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal e un coordinador de seguridade para o seguimento da obra.

k.- Criterios de valoración e xustificación dos mesmos:

En relación aos criterios de valoración das ofertas, todos eles vinculados ao obxecto do contrato, se dá máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa co obxecto do contrato se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas concretas (80%), deixando o 20 % restante para criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.

**k.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR:**

k.1.1.- Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra

Valoración do criterio: doce (12) puntos.

A valoración da memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

- 1.- Descrición analítica e detallada do proxecto: se valorará con ata 2 puntos.
- 2.- A análise do ámbito de actuación da obra e os procesos de implantación de medios para a obra, e a súa explicación gráfica: se valorará con ata 5 puntos.
- 3.- A análise e descrición da planificación da obra en relación aos equipos materiais e humanos adscritos a mesma, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos: se valorará con ata 5 puntos.

k.1.2.- Plan de control de calidade:

Valoración do criterio: Para a calificación deste apartado, procederase a valoración ata un máximo de cinco (5) puntos.

A valoración da Memoria sobre o plan de calidade será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

- 1.- A descrición analítica e detallada do plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 2,5 puntos.
- 2.- A descrición do plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 2,5 puntos.

k.1.3.- Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais:

Valoración do criterio: Se valorará ate un máximo de tres (3) puntos .

k.2.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULA:

k.2.1.- Prezo ofertado: O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de SESENTA E CINCO (65) puntos.

k.2.2.-Prazo de garantía: Valorarase ata un máximo de QUINCE (15).

3.- Proposta:

Por todo o exposto PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación competente dacordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto "HUMANIZACIÓN AVDA. DE CASTRELOS ENTRE AVDA. PORTANET E CLARA CAMPOAMOR".

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado con data 1 de outubro de 2014.

Terceiro: Autorizar o gasto por un importe máximo de 232.417,56 € dos que 40.336,93 € corresponden o IVE, con cargo a partida 1550.619.00.06 "MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS NAS PARROQUIAS".

Cuarto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(1123).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO "EXECUCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA SAA-BEADE". EXPTE. 2600/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.09.14, e o informe xurídico do 7.10.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 8.10.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área e pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes.

Con data 14 de agosto de 2014, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto básico e de execución das obras de "EXECUCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA SAA, BEADE", redactado polo ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS PABLO LÓPEZ FERNÁNDEZ e polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL JOSE MANUEL FOUCES DÍAZ e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVENTA E SETE MIL TRESCENTOS SETENTA E NOVE EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (97.379,32 €), e que se contén no expediente 2546-440, no cal dito proxecto consta anexado e asinado polo Xefe de Área de Fomento en data 6 de agosto.

Con data 25 de agosto de 2014, o concelleiro-delegado da Área de Fomento ordenou a esta xefatura o inicio do expediente administrativo necesario para a contratación das referidas obras. No expediente inclúese a seguinte documentación:

a) O proxecto obxecto do expediente consta anexado no expediente 2546/440, no que se atopa incluído informe da Oficina de Supervisión de Proxectos que recolle a indicación expresa da

*adecuación do proxecto á normativa xeral e sectorial, así como á adecuación á normativa técnica de aplicación.*

*b) Acta de replanteo asinada polo Xefe de Área de Fomento con data 5 de agosto de 2014.*

*c) Prego de prescricións técnicas particulares redactado pola contratista tecnical, S.L. e incluído no proxecto recollido no expediente 2546/440, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2014.*

*d) Prego de Clausulas Administrativas Particulares, redactado polo Asesor Xurídico da Área de Fomento e o Xefe de Área de Fomento en data 6 de outubro de 2014, tras a corrección da errata sobre o apartado 7.A da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares e o persoal mínimo establecido*

*e) Informe favorable da Asesoría Xuridica de data 16 de setembro de 2014, así como informe complementario en relación co Prego de Clausulas Administrativas de data 6 de outubro.*

*f) Documento contable referido a existencia de crédito para financiación das obras.*

## 2.- Condicións definitorias do contrato:

*Destacan as seguintes:*

### a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato:

*O obxecto consiste na execución das obras previstas no proxecto "EXECUCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA SAA - BEADE". Estas obras supoñen sen ningunha dubida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas infraestruturas, e con elas se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal contan ca natureza de "investimentos reais".*

*O contrato, polo seu obxecto, é de obra, previsto no artigo 6 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).*

*En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido", son os definidos na memoria descritiva que contén o expediente 2546/440 do proxecto da obra aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 14 de agosto de 2014 que se achega a éste, pasando a formar parte do mesmo.*

*O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), "infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade".*

### b.- Procedemento de adjudicación e forma de tramitación:

*A tramitación do presente expediente fárase a través de procedemento aberto, e en forma ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.*

### c.- Orzamento base de licitación:

*En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o orzamento máximo de licitación que servirá como base para a execución deste contrato, será o que figura no proxecto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 14 de agosto de 2014, redactado pola empresa TECNIGAL, S.L. e está establecido en base aos prezos de mercado para cada unha das unidades de obra que figuran no proxecto; supón un total de 97.379,32 €, dos que 16.900,54 € corresponden ao IVE; poderá ser rebaixado polos licitadores nas súas ofertas para establecer o prezo do contrato. O valor estimado do contrato estipúlase en 96.574,54 €.*

Para a súa financiación aplicaránse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na partida 1550.619.00.06 "MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS PARROQUIAS" que conta coa condición de adecuada e suficiente para a execución das obras.

O gasto proposto, cumpre co principio de sustentabilidade financeira, esixido polo artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, xa que conta con cobertura dentro do actual orzamento como xa se indicou, e que a partida á que se aplica ten carácter finalista, polo que con cargo a ela non se poderá asumir ningunha outra obriga polo Concello, nin producirse polo tanto ningún desequilibrio orzamentario.

d.- Revisión de prezos:

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos.

e.- Prazo de execución e prórroga:

De acordo co proxecto básico e de execución das obras, o prazo máximo de execución establececese en 3 meses.

Dito prazo poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorran algunha das seguintes causas:

- A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder éste da metade do prazo inicial.
- O incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ao contratista, debidas a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ao do tempo perdido e solicite a prórroga conforme ó disposto no artigo 100 RXLCAP.
- Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mutuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ao do tempo quee tiña permanecido suspendido.

f.- Prazo de garantía:

Establecese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende que se asine a acta de recepción das obras. Poderá ser ampliado polos licitadores nas súas ofertas.

g.- Esixencia de Clasificación ou no seu caso solvencia:

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, non se esixe clasificación para este contrato.

Non se fixan outros medios para acreditar a solvencia económica, financeira e técnica que os que figuran no prego.

A referida solvencia poderá acreditarse presentando a documentación xustificativa de contar coa seguinte clasificación:

- Grupo G, Subgrupo 6, Categoría c.

h.- Modificación do contrato:

A coantía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato. As modificacións das características das unidades de pavimentación non poderá afectar ao prezo do mesmo.

i.- Subcontratación:

Autorízase co límite máximo do 50 %.

j.- Responsable do Contrato:

O responsable do Contrato será o Xefe da Área de Fomento. Así mesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal e un coordinador de seguridade para o seguimento da obra.

k.- Criterios de valoración e xustificación dos mesmos:

En relación aos criterios de valoración das ofertas, todos eles vinculados ao obxecto do contrato, se dá máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa co obxecto do contrato se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas concretas (80%), deixando o 20 % restante para criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.

**k.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR:**

k.1.1.- Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra

Valoración do criterio: doce (12) puntos.

A valoración da memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

- 1.- Descrición analítica e detallada do proxecto: se valorará con ata 2 puntos.
- 2.- A análise do ámbito de actuación da obra e os procesos de implantación de medios para a obra, e a súa explicación gráfica: se valorará con ata 5 puntos.
- 3.- A análise e descrición da planificación da obra en relación aos equipos materiais e humanos adscritos a mesma, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos: se valorará con ata 5 puntos.

k.1.2.- Plan de control de calidade:

Valoración do criterio: Para a calificación deste apartado, procederase a valoración ata un máximo de cinco (5) puntos.

A valoración da Memoria sobre o plan de calidade será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

- 1.- A descrición analítica e detallada do plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 2,5 puntos.
- 2.- A descrición do plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 2,5 puntos.

k.1.3.- Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais:

Valoración do criterio: Se valorará ate un máximo de tres (3) puntos .

**k.2.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULA:**

k.2.1.- Prezo ofertado: O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de **SESENTA E CINCO (65) puntos.**

k.2.2.-Prazo de garantía: Valorarase ata un máximo de **QUINCE (15).**

**3.- Proposta:**

Por todo o exposto **PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto "EXECUCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA SAA - BEADE"

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado polo Asesor Xurídico da Área de Fomento e o Xefe de Área de Fomento en data 6 de outubro.

Terceiro: Autorizar o gasto por un importe máximo de 97.379,32 € dos que 16.900,54 € corresponden o IVE, con cargo a partida 1550.619.00.06 "MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS PARROQUIAS".

Quinto: *Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(1124).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, FASE 1, ENTRE REPÚBLICA ARXENTINA E CANCELEIRO”. EXPTE. 2619/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.09.14, e o informe xurídico do 3.10.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 8.10.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área e pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

#### *1.- Antecedentes.*

*Con data 4 de outubro de 2013, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto básico e de execución das obras de “HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, FASE 1, ENTRE REPÚBLICA ARXENTINA E CANCELEIRO”, redactado pola ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS Trinidad López Rodríguez e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS (2.000.000 €), e que se contén no expediente 2423-443, no cal dito proxecto consta anexado e asinado polo Xefe de Área de Fomento en data 4 de setembro de 2014.*

*Con data 5 de setembro de 2014, o concelleiro-delegado da Área de Fomento ordenou a esta xefatura o inicio do expediente administrativo necesario para a contratación das referidas obras.*

*No expediente inclúese a seguinte documentación:*

*a) O proxecto obxecto do expediente consta anexado no expediente 2423/443, no que se atopa incluído informe da Oficina de Supervisión de Proxectos que recolle a indicación expresa da adecuación do proxecto á normativa xeral e sectorial, así como á adecuación á normativa técnica de aplicación.*

*b) Acta de replanteo asinada polo Xefe de Área de Fomento con data 4 de setembro de 2014.*

*c) Prego de prescricións técnicas particulares redactado pola empresa GALAICONTROL e incluído presente no expediente, e asinado polo Xefe da Área de Fomento con data 4 de setembro.*

*ci)*

*d) Prego de Clausulas Administrativas Particulares, redactado pola xefa do servizo de contratación, de data 1 de outubro de 2014, tras a corrección da errata sobre o apartado 7.A da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares .*

*e) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 23 de setembro de 2014, onde indica que deberá comprobarse a corrección da documentación legalmente requirida, ademais das eventuais autorizacións sectoriais. Neste sentido figura no expediente informe do xefe de Área de data 3 de outubro que ten como anexo a autorización da Consellería de Cultura e Turismo con data de entrada no Concello de Vigo o día 20 de novembro.*

*Informe complementario da mesma oficina en relación cos cambios efectuados no PCAP de data 1 de outubro.*

f) Documento contable referido a existencia de crédito para financiación das obras.

2.- Condicións definitorias do contrato:

Destacan as seguintes:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato:

O obxecto consiste na execución das obras previstas no proxecto “HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, FASE 1, ENTRE REPÚBLICA ARXENTINA E CANCELEIRO”. Estas obras supoñen sen ningunha dubida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas infraestructuras, e con elas se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal contan ca natureza de “investimentos reais”.

O contrato, polo seu obxecto, é de obra, previsto no artigo 6 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa “natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido”, son os definidos na memoria descritiva que contén o expediente 2423-443 do proxecto da obra aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 4 de outubro de 2013 que se achega a éste, pasando a formar parte do mesmo.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), “infraestructuras viarias e outros equipamentos da súa titularidade”.

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:

A tramitación do presente expediente fárase a través de procedemento aberto, e en forma ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

c.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o orzamento máximo de licitación que servirá como base para a execución deste contrato, será o que figura no proxecto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 14 de agosto de 2014, redactado pola empresa GALAICONTROL e está establecido en base aos prezos de mercado para cada unha das unidades de obra que figuran no proxecto; supón un total de 2.000.000 €, dos que 347.107,44 € corresponden ao IVE; poderá ser rebaixado polos licitadores nas súas ofertas para establecer o prezo do contrato.

O valor estimado do contrato estipúlase en 1.983.471,07 €.

Para a súa financiación aplicaránse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na partida 1550.619.00.07 “1ª FASE HUMANIZACIÓN ROSALÍA DE CASTRO” que conta coa condición de adecuada e suficiente para a execución das obras.

Trátase dunha obra de carácter plurianual.

O importe do contrato correspondente ao ano 2014 establececese no importe total de 1.740.000 € sendo o importe correspondente o IVE o de 301.983,47 Euros.. Dito importe deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida 1550.619.00.07 “1ª FASE HUMANIZACIÓN ROSALÍA DE CASTRO” a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

O importe correspondente á anualidade 2015, pola cantidade de 260.000 €, será con cargo aos orzamentos correspondentes ao ano 2015.

O gasto proposto, cumpre co principio de sustentabilidade financeira, esixido polo artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, xa que conta con cobertura dentro do actual orzamento como xa se indicou, e que a partida á que se aplica ten carácter finalista, polo que con cargo a ela non se poderá asumir

ningunha outra obriga polo Concello, nin producirse polo tanto ningún desequilibrio orzamentario.

d.- Revisión de prezos:

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración dunha anualidade, non procede a revisión de prezos.

e.- Prazo de execución e prórroga:

De acordo co proxecto básico e de execución das obras, o prazo máximo de execución establececese en 12 meses.

Dito prazo poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorra algunha das seguintes causas:

- A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder éste da metade do prazo inicial.
- O incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ao contratista, debidas a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ao do tempo perdido e solicite a prórroga conforme ó disposto no artigo 100 RXLCAP.
- Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mutuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ao do tempo quee tiña permanecido suspendido.

f.- Prazo de garantía:

Establecese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende que se asine a acta de recepción das obras. Poderá ser ampliado polos licitadores nas súas ofertas.

g.- Esixencia de Clasificación ou no seu caso solvencia:

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, se esixe clasificación para este contrato.

- Grupo G, Subgrupo 6, Categoría d.
- Grupo E, Subgrupo 1, Categoría d.

h.- Modificación do contrato:

A coantía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato. As modificacións das características das unidades de pavimentación non poderá afectar ao prezo do mesmo.

i.-Subcontratación:

Autorízase co límite máximo do 50 %.

j.- Responsable do Contrato:

O responsable do Contrato será o Xefe da Área de Fomento. Así mesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal e un coordinador de seguridade para o seguimento da obra.

k.- Criterios de valoración e xustificación dos mesmos:

En relación aos criterios de valoración das ofertas, todos eles vinculados ao obxecto do contrato, se dá máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa co obxecto do contrato se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas concretas (80%), deixando o 20 % restante para criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.



**k.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR:**

**k.1.1.- Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra**

**Valoración do criterio:** doce (12) puntos.

A valoración da memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

- 1.- **Descrición analítica e detallada do proxecto:** se valorará con ata 2 puntos.
- 2.- **A análise do ámbito de actuación da obra e os procesos de implantación de medios para a obra, e a súa explicación gráfica:** se valorará con ata 5 puntos.
- 3.- **A análise e descrición da planificación da obra en relación aos equipos materiais e humanos adscritos a mesma, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos:** se valorará con ata 5 puntos.

**k.1.2.- Plan de control de calidade:**

**Valoración do criterio:** Para a calificación deste apartado, procederase a valoración ata un máximo de cinco (5) puntos.

A valoración da Memoria sobre o plan de calidade será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

- 1.- **A descrición analítica e detallada do plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto:** se valorará con ata 2,5 puntos.
- 2.- **A descrición do plan de auto control interno da empresa:** se valorará con ata 2,5 puntos.

**k.1.3.- Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais:**

**Valoración do criterio:** Se valorará ate un máximo de tres (3) puntos .

**k.2.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULA:**

**k.2.1.- Prezo ofertado:** O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de **SESENTA E CINCO (65) puntos.**

**k.2.2.-Prazo de garantía:** Valorarase ata un máximo de **QUINCE (15).**

**3.- Proposta:**

Por todo o exposto **PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** como órgano de contratación competente dacordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, FASE 1, ENTRE REPÚBLICA ARXENTINA E CANCELEIRO"

**Segundo:** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado con data 1 de outubro de 2014.

**Terceiro:** Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares redactado pola empresa GALAICONTRON, incluído presente no expediente, e asinado polo Xefe da Area de Fomento con data 4 de setembro.

**Cuarto:** Autorizar o gasto por un importe máximo de 2.000.000 € dos que 347.107,44 € corresponden o IVE, con cargo a partida 1550.619.00.07 "1ª FASE HUMANIZACIÓN ROSALÍA DE CASTRO", que o tratarse dunha obra plurianual terá o seguinte desglosado por anualidades:

- O importe correspondente ao ano 2014 será de 1.740.000 Euros dos que 301.983,47 € corresponden ao IVE .
- O importe correspondente á anualidade 2015, pola cantidade de 260.000 € dos que 45.123,97 corresponden ao IVE e será con cargo aos orzamentos correspondentes ao ano 2015.

A aplicación da baixa ofertada polo licitador adxudicatario da obra será de aplicación na segunda anualidade, e no caso de ser maior que dita anualidade, o diferencial será de aplicación a primeira anualidade.

- Quinto: *Para posibilitar a execución do proxecto conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, o porcentaxe de gastos establecido para os plurianuais no artigo 174 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais modifícase quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade (2015) nun 14,94%.*
- Sexto: *Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(1125).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO FRONTE AO MERCADO DE CABRAL”. EXPTE. 2591/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 1.10.14, e o informe xurídico do 7.10.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 8.10.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área e pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

#### **1.- Antecedentes.**

*Con data 14 de agosto de 2014, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto básico e de execución das obras de “HUMANIZACIÓN RÚA RAMÓN NIETO, FRONTE AO MERCADO DE CABRAL”, redactado polo ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS Pablo López Fernández e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCOENTA MIL (150.000 €), e que se contén no expediente 2545-440, no cal dito proxecto consta anexado e asinado polo Xefe de Área de Fomento en data 6 de agosto.*

*Con data 23 de agosto de 2014, o concelleiro-delegado da Área de Fomento ordenou a esta xefatura o inicio do expediente administrativo necesario para a contratación das referidas obras.*

*No expediente inclúese a seguinte documentación:*

- a) O proxecto obxecto do expediente consta anexado no expediente 2545/440, no que se atopa incluído informe da Oficina de Supervisión de Proxectos que recolle a indicación expresa da adecuación do proxecto á normativa xeral e sectorial, así como á adecuación á normativa técnica de aplicación.*
- b) Acta de replanteo asinada polo Xefe de Área de Fomento con data 6 de agosto de 2014.*
- c) Prego de prescricións técnicas particulares redactado pola empresa redactora do proxecto (Tecnigal, S.L.) e incluído no proxecto recollido no expediente 2545/440, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2014.*
- d) Prego de Clausulas Administrativas Particulares, redactado pola xefa do servizo de contratación, de data 1 de outubro de 2014, tras a corrección da errata sobre o apartado 7.A da FEC do citado prego.*
- e) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 18 de setembro de 2014, e informe complementario da mesma oficina en relación co prego administrativo modificado de data 1 de outubro.*
- f) Documento contable referido a existencia de crédito para financiación das obras.*

#### 2.- Condicións definatorias do contrato:

Destacan as seguintes:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato:

O obxecto consiste na execución das obras previstas no proxecto “ HUMANIZACIÓN RÚA RAMÓN NIETO, FRONTE AO MERCADO DE CABRAL”. Estas obras supoñen sen ningunha dubida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas infraestruturas, e con elas se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal contan ca natureza de “investimentos reais”.

O contrato, polo seu obxecto, é de obra, previsto no artigo 6 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa “natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido”, son os definidos na memoria descritiva que contén o expediente 2545/440 do proxecto da obra aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 14 de agosto de 2014 que se achega a éste, pasando a formar parte do mesmo.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), “infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade”.

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:

A tramitación do presente expediente fárase a través de procedemento aberto, e en forma ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

c.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o orzamento máximo de licitación que servirá como base para a execución deste contrato, será o que figura no proxecto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 14 de agosto de 2014, redactado pola empresa TECNIGAL S.L. e está establecido en base aos prezos de mercado para cada unha das unidades de obra que figuran no proxecto; supón un total de 150.000 €, dos que 26.033, € corresponden ao IVE; poderá ser rebaixado polos licitadores nas súas ofertas para establecer o prezo do contrato.

O valor estimado do contrato estipúlase en 148.760,33 €.

Para a súa financiación aplicaránse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na partida 1550.619.00.06 “MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NAS PARROQUIAS” que conta coa condición de adecuada e suficiente para a execución das obras.

O gasto proposto, cumpre co principio de sustentabilidade financeira, esixido polo artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, xa que conta con cobertura dentro do actual orzamento como xa se indicou, e que a partida á que se aplica ten carácter finalista, polo que con cargo a ela non se poderá asumir ningunha outra obriga polo Concello, nin producirse polo tanto ningún desequilibrio orzamentario.

d.- Revisión de prezos:

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos.

e.- Prazo de execución e prórroga:

De acordo co proxecto básico e de execución das obras, o prazo máximo de execución establececese en 4 meses.

Dito prazo poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorran algunhas das seguintes causas:

- A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder éste da metade do prazo inicial.
- O incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ao contratista, debidas a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ao do tempo perdido e solicite a prórroga conforme ó disposto no artigo 100 RXLCAP.
- Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mutuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ao do tempo quee tiña permanecido suspendido.

f.- Prazo de garantía:

Establecese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende que se asine a acta de recepción das obras. Poderá ser ampliado polos licitadores nas súas ofertas.

g.- Esixencia de Clasificación ou no seu caso solvencia:

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, non se esixe clasificación para este contrato.

Non se fixan outros medios para acreditar a solvencia económica, financeira e técnica que os que figuran no prego.

A referida solvencia poderá acreditarse presentando a documentación xustificativa de contar coa seguinte clasificación:

- Grupo G, Subgrupo 6, Categoría c.

h.- Modificación do contrato:

A coantía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato. As modificacións das características das unidades de pavimentación non poderá afectar ao prezo do mesmo.

i.- Subcontratación:

Autorízase co límite máximo do 50 %.

j.- Responsable do Contrato:

O responsable do Contrato será o Xefe da Área de Fomento. Así mesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal e un coordinador de seguridade para o seguimento da obra.

k.- Criterios de valoración e xustificación dos mesmos:

En relación aos criterios de valoración das ofertas, todos eles vinculados ao obxecto do contrato, se dá máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa co obxecto do contrato se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas concretas (80%), deixando o 20 % restante para criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.

**k.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR:**

k.1.1.- Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra

Valoración do criterio: doce (12) puntos.

A valoración da memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

- 1.- Descrición analítica e detallada do proxecto: se valorará con ata 2 puntos.
- 2.- A análise do ámbito de actuación da obra e os procesos de implantación de medios para a obra, e a súa explicación gráfica: se valorará con ata 5 puntos.
- 3.- A análise e descrición da planificación da obra en relación aos equipos materiais e humanos adscritos a mesma, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos: se valorará con ata 5 puntos.

k.1.2.- Plan de control de calidade:

Valoración do criterio: Para a calificación deste apartado, procederáse a valoración ata un máximo de cinco (5) puntos.

A valoración da Memoria sobre o plan de calidade será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

1.- A descrición analítica e detallada do plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 2,5 puntos.

2.- A descrición do plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 2,5 puntos.

k.1.3.- Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais:

Valoración do criterio: Se valorará ate un máximo de tres (3) puntos.

k.2.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULA:

k.2.1.- Prezo ofertado: O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de SESENTA E CINCO (65) puntos.

k.2.2.- Prazo de garantía: Valorarase ata un máximo de QUINCE (15).

3.- Proposta:

Por todo o exposto PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación competente dacordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto "HUMANIZACIÓN RÚA RAMÓN NIETO, FRONTE AO MERCADO DE CABRAL"

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado con data 1 de outubro de 2014.

Terceiro: Autorizar o gasto por un importe máximo 150.000 € dos que 26.033,06 € corresponden o IVE, con cargo a partida 1550.619.00.06 "MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS NAS PARROQUIAS".

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(1126).- PROXECTO DE CONVENIO COA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA A PROMOCIÓN DAS ILLAS CÍES COMO DESTINO TURÍSTICO E ACCIÓNS CONDUCENTES Á DECLARACIÓN DAS MESMAS COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE. EXPTE. 5242/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23.09.14, informe de fiscalización do 7.10.14, dáse conta do informe-proposta da técnica de Turismo, do 19.09.14, conformado pola xefa do Servizo de Turismo, polo concelleiro delegado da Área de Turismo e polo concelleiro delegado da Área de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*En data 18 de setembro de 2014, o concelleiro delegado da Área de Turismo resolveu que se iniciase o expediente para a redacción do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau (FVCB) para a realización das actuacións conducentes á obtención da declaración Illas Cíes Patrimonio da Humanidade durante o ano 2014, por importe de 80.000€ con cargo á aplicación presupostaria 43204800000 (Convenio de xestión das Illas*

Cíes Patrimonio da Humanidade) do programa orzamentario do Servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

A Fundación Vigo Convention Bureau é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

A Fundación VCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

-Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexas coas actividades ...

-Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias...

A Fundación VCB, consonte co previsto no artigo 5, aprobou na reunión do padroado de data 25 de xuño de 2014, o plan de traballo que reflicte como obxectivo conexo "a xestión dos recursos dispoñibles de xeito eficiente, coordinado e complementario de todas as iniciativas e políticas de promoción que se leven a cabo na cidade, en materia de turismo. Isto permitirá ter unha imaxe única da cidade."

O Concello de Vigo e a Fundación VCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2010.

A Fundación VCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias.

A Fundación VCB no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ó obxecto de que a Fundación VCB leve a cabo as actuacións de difusión e promoción conducentes á posta en marcha da candidatura das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade.

A obtención da declaración das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade suporía para a cidade o recoñecemento dese recurso turístico, tanto a nivel nacional como internacional, que sentaría as bases dun novo enfoque na promoción turística da cidade.

O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que recolle que o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen perxuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

Si ben esta actuación non pode resolverse cos medios humanos e materiais cos que conta o Concello de Vigo e non parece oportuno incrementalos para unha actuación puntual. Doutra banda o carácter unitario e participativo da Fundación Vigo Convention Bureau de todo o sector turístico de Vigo aconsella que a difusión e promoción da candidatura se realice a través de este ente no que participa o Concello de Vigo, polo devandito

PROPONSE

1º.- Que se aprobe o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau, CIF G27722883, para a promoción das Illas Cíes.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 80.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Fundación Vigo Convention Bureau, CIF G-27722883, con cargo á aplicación presupostaria 43204800000 (Convenio de xestión das Illas Cíes Patrimonio da

Humanidade) do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*PROXECTO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE INDUSTRIA, TURISMO, CULTURA E FESTAS DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VCB PARA PROMOCIÓN DAS ILLAS CIES COMO DESTINO TURÍSTICO E ACCIÓNS CONDUCENTES Á DECLARACIÓN DAS MESMAS COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE.*

### *REUNIDOS*

*Dunha parte D. Cayetano Rodríguez Escudero na súa calidade de Concelleiro-Delegado da Área de Industria, Turismo, Cultura e Festas.*

*Doutra parte D. Pablo David Cameselle Martínez, como Xerente da Fundación Vigo Convention Bureau, con CIF: G-27722883, con enderezo social na Praza do Rei S/n.*

### *MANIFESTAN*

*I.- A Fundación Vigo Convention Bureau (en diante Fundación VCB) é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.*

*A Fundación VCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:*

- Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexas coas actividades turísticas.*
- Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.*

*A Fundación VCB, ademais dos estatutos, aprobou na reunión do padroado de data 25 de xuño de 2014, o plan de traballo que reflicte igualmente no apartado referido á misión da fundación “a xestión dos recursos dispoñibles de xeito eficiente, coordinado e complementario de todas as iniciativas e políticas de promoción que se leven a cabo na cidade, en materia de turismo. Isto permitirá ter unha imaxe única da cidade.”*

II.- O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que recolle que o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen perxuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

III.- O Concello de Vigo e a Fundación VCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2010.

A Fundación VCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias de creación, promoción e mellora de dos bens turísticos de Vigo.

IV.- O Concello de Vigo está interesado en iniciar os trámites conducentes á difusión do do proxecto da candidatura "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade"

A UNESCO, organización das [Nacións Unidas](#) para a Cultura, Ciencia e Educación, concede a través dun programa específico fundado pola Convención sobre a Protección do Patrimonio Cultural e Natural, o título de Patrimonio da Humanidade a sitios específicos do planeta de excepcional importancia cultural ou natural previamente nomeados e confirmados para a súa inclusión na lista elaborada polo Programa Patrimonio da Humanidade, a cal, alén do recoñecemento unha excepcional visibilidade, permite acompañar o desenvolvemento da "marca cidade e o destino turístico".

Ata a data en Galicia foron declarados Patrimonio da Humanidade, a cidade Vella de Santiago de Compostela, O Camiño de Santiago, a Torre de Hércules e a Muralla Romana de Lugo.

A inclusión na lista de Patrimonio da Humanidade implica que o recurso proposto teña un "sobresaínte valor universal". Tal inclusión le esixe que satisfaga polo menos un dos dez criterios de selección. No caso que nos ocupa as Illas Cíes cumpren cos apartados 7, 9 e 10 do decálogo.

- Conter fenómenos naturais superlativos ou áreas de excepcional beleza natural e importancia estética.
- Ser un dos exemplos eminentes de procesos ecolóxicos e biolóxicos no curso da evolución dos ecosistemas.
- Conter os hábitats naturais máis representativos e máis importantes para a conservación da biodiversidade, incluíndo aqueles que conteñen especies ameazadas de destacado valor universal desde o punto de vista da ciencia e o conservacionismo.

V.- A Fundación VCB no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ó obxecto de que a Fundación VCB desenvolva as accións que ten entre as súas competencias, para levar a cabo as actuacións de difusión conducentes á posta en marcha da candidatura das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade, así como todas aquelas funcións de promoción e difusión para a consecución da mesma.



*A obtención da declaración das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade suporía para o turismo de Vigo e para a Fundación VCB o recoñecemento dun recurso turístico, tanto a nivel nacional como internacional, que sentaría as bases dun novo enfoque na promoción turística da cidade.*

*VI.- O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 43204800000 prevé un convenio de xestión das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade, polo importe de 80.000,00€.*

*VII.- O Concello de Vigo desenvolveu nos últimos anos, o Plan de competitividade do produto turístico "Turismo Urbano e de Ría" (PCPT Vigo) co obxecto, entre outros, de aumentar a demanda de visitantes, promover a internacionalización do turismo, e aumentar os ingresos e rentabilidade da actividade turística local e a desestacionalización do turismo.*

*O Plan de competitividade do produto turístico de Vigo "Turismo Urbano e de Ría" desenvolveu un significativo número de programas e produtos turísticos, segmentados e con grande capacidade de comercialización entre os que de xeito destacado se atopan a Ría de Vigo e as Illas Cíes.*

*As Illas Cíes son o recurso turístico por excelencia da cidade de Vigo, segundo recurso turístico máis visitado de Galicia, polo que precisan da xestión adecuada para a posta en marcha de accións conducentes á difusión da candidatura Illas Cíes Patrimonio da Humanidade, así como aquelas de promoción da mesma.*

*En base ás precedentes consideracións e ao interese turístico da cidade, o Concello de Vigo e a Fundación VCB conveñen formalizar o presente convenio de colaboración, durante o ano 2014.*

#### PACTOS

*Primeiro.- O obxecto do presente convenio consiste en executar e desenvolver as accións de promoción e difusión conducentes á posta en marcha de candidatura "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" durante o ano 2014, recollidos no Anexo I.*

*A Fundación VCB, comprométese a colaborar coa Concellería de Industria, Turismo, Cultura e Festas do Concello de Vigo para a execución e desenvolvemento das accións de promoción e difusión da posta en marcha da candidatura, o período establecido para o desenvolvemento das anteditas actividades será o ano 2014, conforme co programa recollido no Anexo I.*

*A Fundación VCB comprométese a:*

- 1.- Levar a cabo as accións de difusión conducentes a presentación da candidatura das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade.*
- 2.- Realizar todas as actividades de promoción das Illas Cíes necesarias para a concienciación previa a posta en marcha para a obtención da declaración.*
- 3.- Dotar do material e equipamento adecuado para conseguir os obxectivos do programa.*
- 4.- Desenvolvemento das accións de difusión da potencial candidatura, tanto en medios físicos como en redes sociais.*
- 5.- Asumir todos os custos directos e indirectos que se deriven do desenvolvemento das actividades.*
- 6.- Establecer a través de recursos propios ou externos o asesoramento e xestión das necesidades vencelladas coas tarefas descritas.*
- 7.- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as entidades das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.*
- 8.- Comunicar ao Concelleiro delegado de Industria, Turismo, Cultura e Festas calquera modificación que se produza no programa de actividades que conforma o Anexo I, sempre e*

cando ditas modificacións non supoñan un incremento sobre o importe da subvención previsto no pacto segundo deste convenio.

Segundo.- O Concello de Vigo comprométese a:

1.- Conceder directamente á Fundación VCB a achega para executar e desenvolver as accións de xestión, promoción e difusión do proxecto de candidatura "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" durante o ano 2014 co importe de 80.000,00€ (oitenta mil euros).

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A Fundación VCB deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida neste convenio efectuarase en dous pagos:

- Primeiro pagamento polos gastos realizados de 64.000€ (sesenta e catro mil euros), o 80% do importe do convenio, que farase efectivo á sinatura do convenio.
- Segundo pagamento de 16.000€ (dezaseis mil euros), o 20% do importe do convenio, que farase efectivo antes do 31 de decembro do 2014.

O pagamento realizarase por medio de transferencia bancaria na conta com número de IBAN ES872080500068304032424J da entidade bancaria ABANCA, con cargo á aplicación presupuestaria 43204800000 convenio xestión "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" polo importe total de 80.000€.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A Fundación VCB non poderá subcontratar con terceiros a actividade obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incorrer a Fundación para a realización da actividade subvencionada.

Sétimo.- A Fundación VCB debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A Fundación VCB deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos na primeira quincena de decembro de 2014. A tal efecto deberá presentar xunto ás solicitudes dos pagamentos parciais:

a) Memoria parcial de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas durante o período obxecto de xustificación, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria parcial económica xustificativa do custo final das actividades realizadas durante o período obxecto de xustificación, que incorporará:

—Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

— A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo gasto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.

- As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturas cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a Fundación VCB solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal. En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.
- Xunto á solicitude do segundo e último pagamento á Fundación VCB terá que presentar ademais da memoria parcial de actividade e económica do período en cuestión, un informe final no que se xustifique o cumprimento das condicións previstas no presente convenio e se expoña

de forma resumida, as distintas actividades desenvolvidas segundo o programa recollido no Anexo I.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen entre a segunda quincena de marzo e a primeira quincena de decembro de 2014.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma serán comprobados polo Servizo de Turismo do Concello de Vigo; a tal fin o persoal técnico do mesmo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Industria, Turismo, Cultura e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades que se edite en idioma galego terá que ser revisada polo Servizo de Normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos do Concello de Vigo e da entidade, nas mesmas condicións e tamaños. Todo material editado deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico da Concellería de Industria, Turismo, Cultura e Festas e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias xustificativas as que se refire o pacto noveno deste convenio.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2014 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- O Concelleiro de Industria, Turismo, Cultura e Festas queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento, así como para propoñer ou autorizar modificacións tanto no programa de actividades que conforma o Anexo I, sempre e cando ditas modificacións non supoñan un incremento sobre o importe da subvención previsto no pacto segundo deste convenio.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo.- A Fundación VCB está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencionable, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello.

A Fundación VCB poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Industria, Turismo, Cultura e Festas do Concello.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público aínda que o número de asistentes limitárase á capacidade do lugar onde se celebre.

As actividades, servizos ou produtos ofertados ao público no marco do programa de actividades que conforma o Anexo I, poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.). A tal efecto, a entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visible, o listado de prezos de venda ao público.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aprobou o seu regulamento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.